

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN.**

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

**DECLARA:**

Que a Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de diversas actividades culturais durante o ano 2025 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez e outros autores vencellados á vila de Celanova, así como o mantemento da entidade.

Actuacións:

- 1-PROGRAMA ESCOLAR “VEN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO”
- 2- ROTEIROS CULTURAIOS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES
- 3.- ENTREGA XLI PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”
- 4.- LUDOTECA PARA OS MÁIS PEQUENOS
5. PRESENTACIÓNS DE LIBROS E AUDIOVISUAIS Xaneiro-decembro
6. EXPOSICIÓNS Xaneiro-decembro.
- 7-XORNADA DE CONVIVENCIA ‘CURROS ENRÍQUEZ’ EN CELANOVA
- 8) CELEBRACIÓN DO 150ºANIVERSARIO DE “CARTAS DEL NORTE” E ENCONTRO DE XORNALISMO
9. GASTOS DE MANTEMENTO DA FUNDACIÓN

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Curros Enríquez é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra do escritor.

Polo que a Fundación Curros Enríquez é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

